

VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA

Manuel Rodríguez López

Vivimos unha longa traxedia

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Premio Prosa do segundo concurso literario «Nós»

Adicado a Anxel Fole

Versión curta

CADRO PRIMEIRO

(Na escea unha cociña labrega. Manoel, Xesús e Xan de Outeiro están sentados nun banco galego que ao tempo serve de táboa. Enriba dela tres cuncas de viño e un xerro de barro. A Xobita e mais a filla están sentadas nunhos tallos. Na lareira forte lume. Á esquerda están o cunqueiro, a artesa, o vertedeiro e o forno. Á dereita, a porta de entrada e outra máis cativa pra ir ás cortes. Ao fondo, as escaleiras pra rubir aos coartos).

Xesús.—Don Ensebio sempre cubizóu verse nos xornáis, ouvir falar dil na capital. Angazóu cos intreses dun choio no que il endexamáis espuxo cousa. Pior alcalde non podíamos soñalo.

Manoel:—Metéuse nun belén e non sabe cómo sairá dil. Vai ser a sua acabación. Dis que anda enzoufado na danza dun desfalco:

Xesús.—Iso, Dios me perdoe, sempre o maliciéi. Estribillóu moito no do encoro e coido que a sua testa non cismóu nada bon.

Manoel.—Rapa unha vida... Il sempre no café e no xogo. Non lle doi o diñeiro. Nin que tivera burato nas maus. Il sempre de viaxes, xantares, con xentes de rebumbio na sua casa... De dónde sale tanta peseta de Dios?

Xan do Outeiro.—Todo sale de Pereira. Hastra o piso que lle ten a todo confort en Madrí a unha madame.

Xobita.—Iso son marmuraciós. A veces apóñense cousas que non

son tal.

Xesús.—Hai fundanza abondo de que é verdá. Apañóu un cargo que xa, xa! E, amáis do que roubóu, il non perdéu cousa. É normal que collera vicios!

Xan de Outeiro.—Xobita, cando o Xesús o dí...Van ser da familia... seica.

Xesús.—Ben alleo estaba a eso. O Paco non se estrevéu a decirmo e falóulle á Carmen. Cando tal ouvín, houbera querido millor que meu fillo non tivera nado.

Manoel.—Fas mal de tomar o namoramento ise tanto pola mala. Pra ti non é deshonra. Eu diría que medras.

Xesús.—Craro: De caseiro do Pombal chego a dono das suas terras! Sabedeo! Quero millor ver ao Paco casado coa máis probe do lugar, ca emparentar co sangue dise amancebado.

Manoel—Non es ti quen perde un fillo. Ti medrarás porque o Paco seguirá sendo teu e daráche unha filla: A Esther, que razona coma nosoutros e non atura as cacicadas do seu pai

Xesús.—Os cachos tiran á ola. Odio isa patulea. Nin don Eusebio nin os intreses alleos que representa tiveron doo das nosas mágoas, nin souperon de sudes, pegados aos arados. Endexamáis sentiron apego ao noso pobo.

Manoel.—Iso é verdade. Non botaron unha mira polas terras nin por nós nin polos nosos fillos. Se tiveran entrañas, se souperan das nosas angueiras, se quixeran ás nosas xentes, non as arrempuxaran pro estranxeiro. O verdadeiro adianto da nosa Nación comenza coa riqueza das aldeas. Aproveitar os seus recursos, arrincarlle á terra o ferro, traer máquinas pra traballar millor as leiras e os nosos fillos non camiñarían.

Xesús.—E ti inda tiveches sorte con que os cuñados che deran unha mau. E a miña pequena que está a servir, lonxe da casa, a quen non lle ten garimo, sen máis apego e consolo que a filla do Xulio servindo a estranos tamén?

Xan de Outeiro.—E o meu fillo e a miña nora, que se viron na obriga de mandar a meniña cabo de nós pra iles traballar os dous e xuntar unhos pesos? E o Rosendo? ¿E a Cándida? ¿e o Pallares, que alabarado pola propaganda, coidaba facer fortuna ao pe do encoro que foi a sua ruina?

Xesús.—Millor fora morrer baixo dun carro, ca ver como tripan o que nosoutros e os antergos aloumiñamos tantas xeneracións.

Xobita.—As inxusticias foron deica agora a mala estrela do noso pobo. Un día libertarémonos do usureiro e do cacique. Un día virán a parar as contribucións ao pobo de onde saíron. Gobernarémonos en por

nos e entón haberá escolas. A xente adeprenderá a traballar con proveito. Teremos máquinas que pagaremos a poucos; pero nosoutros xa non albiscaremos tal cousa.

Maruxiña.—Eu teño fe que todo se arranxará.

Manoel.—Meniña, dame o corazón que ti verás a gloria de Pereira. A nosa xuventude recollerá o froito de tantos anos de semente. Eu adiviño que todos os fillos de Galicia xunguiránse ao redor da mesma bandeira e coa mesma idea. Daquela agromará a arbre da Patria ricaz.

Maruxiña.—O noso lugar e todos os irmáus que viven no desterro, vencellados, xeneraremos a forza que nos leve ao trunfo. E benzoado seña Dios se vos fai a gracia de que vexades tan cubizado espertar en pago ás vosas doores.

Cai o pano

CADRO SEGUNDO

(Casa de Don Eusebio. Na saa de estar aparecen a Esther e os seus pais)

Don Eusebio.—Anda na boca das xentes que seica tes qué ver co fillo do Xesús. Vasme decir qué hai de verdá.

Esther.—Por San Xoán xuróume que somentes eu tiña asento no seu corazón e acetéi o seu amar.

Don Eusebio.—Pois hoxe mesmo diráslle que o pensaches millor e que do dito non hai nada. É cousa que non ten agarda.

Esther.—Cada día que pasa quérolle máis.

Don Eusebio.— A xuventude é tola. Dempóis veñen as mágoas. ¿Qué fada te embruxaría pra pensares siquer tal cousa? O Xesús pode chegar a ser o meu consogro? Il que sempre foi a esquerda da miña dreita? Cómo queres mesturar o sangue dos Pombal coa do fillo dun caseiro?

Esther.—Na boa crianza está a fidalguía. Iles teñen ben sentado o creto. Canto teime será dar de couces contra un aguillón.

Don Eusebio.—Denantes de verte casada con il, denantes de ver luxado o meu creto, quero millor verte morta.

Esther.—Iles están coa razón.

Don Eusebio.— ¿Tamén te puxeches do seu bando?

Esther.—Sí.

Don Eusebio.—¿Tí queres que Pereira durma sempre na rutina? Tamén te laias por unhos recantos de terra? Hai cousas que merecen lousas! Queres vivir sen luz pra fuxires ás miradas do teu pai e parrafear nas corgas co lacazán do Paco?

Esther.—Eu opóñoome á fame e á emigración.

Don Eusebio.—Argumentas coma iles. As grandes capitales, logo, sobran. Todo o mundo ten que vivir na aldea. As grandes cidades hai que esborrallalas. Os grandes polígonos industriais esnaquízalos.

Esther.—Queremos que non nos obriguen a emigrar ao leilán pra apandar cos traballos máis baixos. Por qué arrincades aos fillos dos colos da familia, aos homes das suas mulleres e por qué botades ás rapazas ás grandes cidades, ateigadas de vicio e prostitución?

Don Eusebio. —Adeprendiche moito...

Esther.—Inda que a miña mai está calada, sei cousas piores que deshonran a don Eusebio Pombal; piores ca os amores da sua filla co Caseiro.

Don Eusebio.—Ti estás alabarada. Xa che dixen que viute unha malafada. Coido que cambiarás a tua cismadura. Doutra, faréicha cambear eu!

Esther.—Non hai forza que me arrinque o que levo espetado no peito.

Don Eusebio.—Namentras o teu pai...

Esther.—Non o recoñezo por pai! Vostede, don Eusebio de Pombal, non é merecente nen dino de ser o meu pai!

(Don Eusebio alanca cara ela afogueirado. A mai interpónse. A Esther continúa destemida).

Esther.—Vostede é un amancebado! A miña mai a sua escrava! A un solteiro aquécelle andar de ruada; pero vostede, casado, é un adúltero!

Don Eusebio.—Deica ahí chega o teu cegamento. Así deshonoras ao teu pai e á tua mai que che deron o ser? Malia o berce que te abalóu!

Esther.—Tan ben como o sei eu, sábeo ela. Sábeo todo o pobo. Coas suas andanzas en Madrí, andamos todos nas bocas do mundo. E tense en moita altexa aínda...

(A mai rompe a chorar abrazándose á filla).

Dona Pura.—Sí, Eusebio. Todo Pereira sábeo. Vendiches a ialma ao demo.

(Il dalles un empuxón e sale feito un furacán. Mai e filla fican a chorar).

Cai o pano

CADRO TERCEIRO

(Está anoitecendo. O Manoel e a súa muller camiñan, de vagar, á beira do río, por un carreiro do piñeiral. Ollan pro pantano cheo hastra os cumios, todo iluminado por centos de luces. No outo da ribeira, ao longo da pista, os chalets dos peritos e xefes da obra. A dreita dúas dúcias de casoupas que semellan mais ben tendales pra gardar a leña).

Xobita.—Lémbraсте, Manoel, da chousa que tiñamos perto do lameiro do Furelo? Cantas bágoas me ten feito arrincar a súa acordanza!

Manoel.—Dende o encoro hai trinta metros. Xa estará cuberto de laxes. Tamén se me acorda a min cando o Xaniño escomenzaba a agatuñar por alí arriba. Ti alindabas a marela e coidabas de que non fora pacer á namela do de Outeiro namentres facías un pantalociño pro neno. Eu chegaba do monte, da bouza, e xuntos íamos xantar. Logo correron os anos e xa coa pequena, gardaba il da mesma marela e mais dunha xuvenca. E íamonos apañando. Hoxe vivimos a cotenadas. Lambéronos os bés e, por mais que arbullemos, non chegamos a cousa. E gracias ao que nos vai mandando o fillo...

Xobita.—Soios os tres. O Xaniño lonxe, cando tornaremos a velo?

Manoel.—Dios fará que volva con ben. Il que castiga aos larpeiros pra escarmento dos demáis tamén premia aos bos e xenerosos.

Xobita.—Os ruis, níste ou na outra, teñen o seu pago.

Manoel.—Lástima que ás mais das veces non lles chega hastra a

morte. Xa ves don Eusebio que logo fuxíu cando lle viu as orellas ao lobo.

Xobita.—Non quixera estar na súa ialma, con todo e ser moito o diñeiro que se lle apegou ás unllas co choio do seu cargo.

Manoel.—No seu corazón ten que ser noite pecha. Ao fin levantouse a lebre.

Xobita.—A Sociedade, coa súa complicidade, roubounos e pagounos os leiros a prezo de esterco.

Manoel.—O agro do Toural habíase tomar uuha regalía e todo quedou en fume.

Xobita.—Moito prometeron, cando chegou o intre de anegar as terras, pra acalar á xente... Escoita: Debe vir xente.

(Escoltan os dous querendo adivinar quen ven).

Manoel.—Coido que son o Xesús e don Enrique.

(Entran o Xesús e don Enrique).

Don Enrique e Xesús.—Boas noites!

Manoel.—Que novas lles trae por eiquí?

Don Enrique.—Don Eusebio está preso

Xesús. —Tarde ou cedo a Xustiza sempre brila

Don Enrique.—Saíulle a porca capada!

Xobita.—De Dios lle veña piedade!

Don Enrique.—Botóu a ialma ao lombo e rubíu a conta de todos; pero, caíu axlña!

Xesús. —Estarávos adoecido! Roubóunos a nós e á Sociedade pero se ben é verdá que o pobo non ten abogados, éla teno todo.

Manoel.—Emporiso non deixa de ser outra mágoa mais pra Pereira. En poucos anos vivimos xa unha longa traxedia. Os pais perdemos os fillos; os amigos están arredados por miles de kilómetros; outros, como a Cándida, nos burdeles das grandes cidades, perderon a honra; moitos non tornarán na vida.

Xobita.—Qué soios! Canta mágoa! A nosa xente polo mundo adiante e eiquí somente ficamos os vellos e os que aínda non sirven pra o traballo!

Xesús.—Na Francia moven tornos e fresas coa electricidade do Furelo. Os nosos pobos quedaron sin mocedá.

Manoel.—Coidan que somos raíces vellas, recordos folklóricos, pero somos moito máis. Somos pais que sentímonos roubados, asoballados, magoados no corpo e no corazón.

Cai o pano

EPILOGO

(Nunha cárcel lóbrega aparece don Eusebio, inquedo, a cavilar, sentado nunha táboa longa, arrimada á parede. A carón dil, un plato e un anaco de pan. Non hai outra cousa na estanza. A luz é cativa. A esquerda unha porta de ferro. De súpeto aparecen na escea un fato de persoas, que somentes levan ao descuberto as suas caliveras. A que vai diante ten un fachuzo de pallas acendido. Namentras se colocan de fronte de don Eusebio, falan todas a un tempo verbas que o púbrico non comprendo. Don Eusebio incorpórase alporizado).

Calivera 1ª.—Eiquí o tedes a don Eusebio, a causa da nosa perdición.

Calivera 2ª.— ¡Xa cheira a podre!

Calivera 3ª.—¡Tardará ben en limpiar os osos!

Don Eusebio.— (Facendo tenzón de botarse a elas). ¿Qué vos propoñedes, carautas porcallentas?

Todas.—¡Non somos tal. Ollanos ben!

Calivera 1ª.—Vives nun cubil coma os porcos. Non somellas home!

Calivera 2ª.— ¡Estás ben cebado pro teu San Martiño!

Calivera 3ª — ¡Canto verme roerá nos teus touciños!

Todas.—Chegóuche a hora da Xusticia e aínda coidas sair con ben.

Calivera 1ª.—Aforcaránte na praza á vista do mundo!

Calivera 2ª.— ¡E a xente cuspiráche na cara!

Calivera 3ª.— ¡Os sapos teñen millor fin e son menos noxentos ca ti!

Todas.— ¡Ti, noutrora Xuez e señor, acetarás a condena!

Don Eusebio.— ¿Coidades que estamos no antroido? Gardas, acudide axiña.

Todas.— ¡Acudide, si, que a forza xa está amañada!

Don Eusebio.— ¡Desvergonzadas, fora!

Calivera 1ª.— ¡Viñemos pra facerche un favor!

Calivera 2ª.— ¡Vante aforcar esta mañá!

Calivera 3ª.— ¡Vas ser a divertición do pobo!

(Don Eusebio agarra o prato, única cousa que ten a mau e guídallo con forza á calivera 3ª. O prato esfachicase na parede).

Todas.— Non teimes, don Eusebio. Non somos unha antroidada. Somos a froita das tuas sementes.

Calivera 1ª.— ¿Non reconoces en min ao Pallares?

Calivera 2ª.— ¿Non te lembrás da Cándida?

Calivera 3ª.— Olla na miña testa o sinal da metralleta que me feríu de morte en terras alleas.

Todos.— Vimos por tí.

Don Eusebio.— ¡Podedes ir ao inferno!

(Bótase cara iles e os seus puños baten no vacío. Unha forte gargallada do fato de mortos, saca do seu xuicio ao cacique que berra petando forte na porta).

—Don Eusebio.— Gardas! Gardas! ¡Gardas!

Calivera 1ª.— ¡Iles non virán. Acabóuchese o mando. Xa non fas nen desfás en Pereira do Furelo!

Calivera 2ª.—¡Agora és o derradeiro verme!

Calivera 3ª.— Os gardas non che valen. Virán cando lles pete e levarante pra sempre.

Todas.— ¡Si foras home de honor, escollerías a tua morte!

Don Eusebio.— ¡Se tivera con qué, xa o tiña feito; pero a vos levaríavos por diante!

Todas.— ¡Xa fumos. Agora tócache a til

Calivera 1ª.— ¡Decídete!

Calivera 2ª.— Faino denantes que veña a Xusticia!

Calivera 3ª.— ¡A forza xa ten presa!

Todas.— (Atende o calco marcial dos carceleiros que veñen polo reo)

(Cada vez máis cerca oise o barullo dos carceleiros. Don Eusebio colle forzas e abalánzase contra as caliveras, coma un carneiro, batendo coa testa na parede).

Calivera 1ª.— ¡Non tes mester de pistola. Volve!

Calivera 2ª.— ¡Nen de coitelo!

Calivera 3ª.— ¡Nen de adibal!

Todas.— ¡A xente que agarda acarón da forca, non poiderá cuspirche na cara!

(O esalcalde toma pulo e abalánzase de novo contra das caliveras, feríndose de morte ao crocar na parede.

Calivera 1ª.— Ben! Es un mestre!

Calivera 2ª.— ¡Endexamáis vin tal cotenada!

Calivera 3ª.— ¡Qué grande suicida!

Todas. — Ao fin acougaches!

(Namentras escomenza a baixar o pano, oise aos carceleiros que desferrollan a porta. Desaparecen as caliveras e don Eusebio fica no chao).

Versión longa

1

AUTO PRIMEIRO

CADRO PRIMEIRO

ESCEA PRIMEIRA

(A conforme se ergue o pano, aparece o adro da igrexa dunha aldea galega. ^{Ao} fondo leiras, carballeiras e un sol que namora. ^A dereita o cruceiro. A xente vai saíndo pola esquerda. Xan de Outeiro, Manoel, o Pallares e o Xesús falan do encoro e do piñeiral. A carón diles camiñan as suas mulleres, o fillo do Pallares, os do Manoel, os do Xesús e a filla do Xan.)

Manoel- Pra entre nos direivos que canto latricará o Alcalde xa o temos moi sabido: O encoro e o piñeiral.

Pallares- A grandía do noso pobo, Manoel. Fai tempo que o degoro e o malo elle que inda leva andaina.

Xan de Outeiro- Ogallá. A min non me chista migalla. Non vexo o choio por ningures.

Xesús- A quén lle pode atinguir tal cousa?

Pallares- A min, ^{ao} Barxa, ^{ao} de Nai, ^{ao} Fidalgo, a tantos cantos cremos unha pinga no progreso.

Manoel- Xa che falaréi do progreso en canto ~~es~~comencen a levar a cabo as cousas ísas.

Xan de Outeiro- Alá ven cos seus compadres.

Escea segunda

(Saíe o Alcalde da igrexa e camiña cara o cruceiro)

Alcalde- Bos días nos déa Dios a todos!

Pobo- Bos días

~~Xan~~ de Outeiro- (Polo baixo, un algo arredado do Alcalde)

Qué abaloufado vos ven!

Xesús- Semella cal se levara no lombo un estadullo, tan teso il camiña.

(As mulleres e os pequenos rin a mans cheas ^{ao} amparo do rebumbio de tanta xente, uns ledos i outros mais arrouzados que dan mostras da súa xenreira)

Sara- (Muller de Xan de Outeiro) Decataivos que ben cebado.

Carmiña- (Dona do Xesús que ten pola man a súa pequena que anda nos 14) Ben se deixa ver que ~~nunca baixou o arnés~~
do lombo pra apañar patacas)

Pallares- Carmiña, ti Sara e vos todos. Sempre nos levamos ben; pero no do encoro non damos uns cos outros. Non sentades baza. Coidades que samente traballa o que ten callos, nas maus?

Xan de Outeiro- Escusamos lerias. Non emprincipes a practicar pois que abonda D. Eusebio.

Escea terceira

(No intre o Alcalde rube o primeiro escano do cruceiro e comenza a falar)

Alcalde- Pobo e terras de Pereira do Furelo. Xa adiviño como choutan de legría ises corazóns, dediante do voso Alcalde, representante do Goberno da Nación. Vexo os vosos ollos que escintilean e os vosos ouvidos que non queren perder nin unha das miñas transcendentais palabras, que son a chave do novo porvir que escomenza a alborexar diante dos nosos ollos.

Xesús- Ise non ten mester de aboa pra encumalo

(Hai risas). (O Alcalde sigue)

" Sí, veciños todos de Pereira do Furelo. Os nosos montes serán piñeirais. E a meirande arrouzada: Xunto á Pena Grossa ergueráse o encoro que producirá kilowattios a milleiros.

Pallares- (Dando unha ollada de vinganza ^{ao} ~~os~~ seus amigos, berra en outa voz) Viva o Alcalde!

(Moitos corean o seu brado con outros vivas namentras os máis fan un longo bisbeo de desacordo) (O Alcalde continúa o seu discurso)

" Luz eléctrica que o ~~re~~ rexurdir de España está agardando nas grandes cidades que ven medrar novas industrias e teñen que parar ás veces meses enteiros por falla do fluído que axiña sairá, ~~á~~ maus cheas, diste noso Furelo.

Barxa- (Ergue os ~~brazos~~ brazos moi perto do Alcalde e berra afeuzado) Gracias a D. Eusebio!

(O Alcalde surrílle e move a testa a maneira de agradecemento ~~e~~ acalmados de novo os vivas ~~e~~ os falares desaprobadores, dá cabo ó seu discurso)

" Isto é canto vos quixen decir, pobo de Pereira do Furelo. O voso Alcalde está orgulloso distes veigales e sente que non cabe no ~~seu~~ peito ^{coa} ~~co~~ ledicia de ter petado nas portas do Goberno e ser escoitado pra trocar istas terras e iste río nunha fonte nova de riqueza ~~pra~~ Nación,

Fidalgo- Viva o encoro!

Viva!! (dín os mais contentes palmexando as maus. O Alcalde comenza a camifñar arrodeado da afervoadada grea)

Escea cuarta

(Manoel, Xan de Outeiro e Xesús ~~coas~~ suas donas ~~e~~ os cativos e mais outros disconformes saen da escea após do Alcalde ~~e~~ os seus admiradores)

Xesús- Bó anda o allo. Iso non me dá boa espiñada.

Manoel- (Cheo de carraxe) Rebrincan demasiado cedo. De que cheguen os feitos, non terán arelas de tanta aleimadura.

(Acálao a sua muller ^{ao} tempo que o colle polo cóbado e dille)

Xobita- Manoel, non fales con demasiada aquela. Hai que armarse de pacencia. Imos... A lingua non se decata que, solta, compromete e que ^{aos} ~~as~~ probes tócanos apandar sempre. ^{Coa} ~~Co~~ Autoridade e a Inquisición, xa sabes, Chitón!.

CAI O PANO

CADRO SEGUNDO

ESCEA PRIMEIRA

(Na escéa unha cociña labrega. Manoel e o Pallares están sentados nun banco galego que ^{ao} ~~o~~ tempo sirve de taboa, e riba dela catro cuncas de viño e un xerro de barro. Case que a carón diles Xan de Outeiro e Xesús nunhos bancos longos perpendiculares ^{aos} ~~as~~ extremos da taboa. No medio a lareira e forte lume. ^{En frente} ~~Enfronte~~ da taboa a artesa e a boca do forno. A esquerda o cunqueiro. A ~~de~~ ^{de} dereita a porta de entrada. Xunto ^{ao} ~~as~~ forno unha porta cativa pra ir ás cortes e unhas escaleiras pra rubir ~~as~~ coartos.

Manoel- Todos nosoutros choraremos tarde ou cedo as resultas das parolas do Alcalde e ti Pallares chorarálo mais tempo porque eres novo. Conto e Diolo queira, que eu non chegaréi a ver tal cousa.

Pallares- Carano co señor Manoel. Pra que se aquela?. Iso non fai pra que Vde. seña o primeiro en pór bebidas e faguer xantares. E ... cómo apañará os cartos dos alleos que anden á voltas no trafego da presa! O que a cousa desdeña ise é o que a merca!

Manoel- Xa cho creio. Cata que van traguer moita fortuna. Acodes

5

é engado como as abellas ^{ao} mel. Vante librar do traballo!

Pallares- Do traballo non Señor, que pra iso lle estamos. ~~Pero~~... eu matino pór un salón de baile. A miña é nova e arranxados un poco os baixos.

Manoel- Dista feita o que che van arranxar iles son as viñas ~~e~~ a xuvenca. Que se hastra eiquí inda podes beber viño do teu, anegaráncho. E se a tua vaca inda pode depenicar unha que outra herba do monte, logo terás que desfacerte dela ~~e~~ ollar como medran os piñeiros

Pallares- Vaia, señor, vaia. Non me veña con isas. Lle non parece a Vde. que xa domeamos abondo o lombo pra apañar racimos e logo rubir pola ribeira coiles ás costas, ~~co~~aquil sol que queima os penedos E pra qué quero eu unha xuvenca se un choiño dun pequeno negocio dáme pesos pró leite? Xa me contará Vde. as arelas que terá de anicrase ~~na~~ terra cando poida vivir sen ela.

Manoel- Ouvín cantar mais de catro cucos e ben sei que sen a ~~te~~rra, nista aldea, non se vive ~~e~~ ela danos folgos ~~e~~ ela acochará-nos ~~xx~~ cando morramos.

Pallares- Sonlle isas cousas da ^{idade} ~~era~~ do fume, señor Manoel,. Non hai que cavilar ^{ao} antigo. A iso chámolle eu ser chousos do pensamento

Xan de Outeiro- Non teimes, Pallares. Cismas que van a darcho ~~e~~ arrazagarcho todo. Por siascaso direiche que tes moitos neboeiros na chola e vas ser o primeiro en ter que botar o fillo a pescudar por outros vieiros, pois que eiquí non fará cousa. Devaneas moito e velo todo moi doado.

Escea segunda

(Entran Xobita e Xaniño cun feixe de nabos cada un. Póusanos no chau. Xobita colle o coitelo pra rabenalos. O pequeno tiza ^{ao} lume)

Pallares- Sodes ben paifocos. Se todos albiscaran o que vos in-

da hoxe non corría o tren por medo a tripalas leiras.

Manoel- Non sei que che diga. Está ben que leven un cabbo dunha ~~leira~~ leira, se non ten que fallar logo un cortezo de pan. ~~Pero~~ eiquí anegarán fanegas de terra e levaránnos a bouza, as uces, os toxos e daránnos, en pago, unha morea de pedras e mais uns piñeiros que se agardamos o seu froito non dará madeira a tempo prás nosas tumbas.

Xobita- O encoro levará moito ben de Dios nas terras. ~~Xa~~ sairemos dunha ou doutra maneira. Il fará porque ~~as~~ ^{as} nosos fillos lles non falle un codelo de pan. Ti, Xaniño, namentras eu preparo prós ranchos, vai percurar á Maruxiña, que coitada, está a chegar cun feixe de outonizo do lamego da Fonte e vai sendo noite pecha e ela éche moi medosiña. Anda á carreira!

Xaniño- Vou a escape, mamái. (Saíe)

Escea terceira

Xobita- Xa hoxe viñeron ~~uns~~ ^{uns} homes que din seren do encoro. Ben os viu a tua muller, Pallares, que estaba lavando ~~caa~~ do Roxo no pilón do soute. Parece que vai a cousa pra adiante.

Pallares- Veleí tes, muller. Mal que vos pese, a cousa está á porta. ~~O~~ mais xa está amañado.

Xobita- Coido de min que o noso Xaniño vai ser millor que o mandemos pra Bos Aires cabo da miña irmá. Eiquí ~~caa~~ Maruxiña xa beberemos traballos abondo pois qué vai facer o coitado se non deixan desta ~~caa~~ sa mais que catro leiros que nin xiquera chegan pra nos os dous? Verdade ~~de~~ Manoel?

Xesús- Sí, ~~muller~~ muller. Éche o millor. ~~o~~ ^{do} rapaz pode pintarlle a sorte coma ~~o~~ ^{ao} Pedro e á Amadora. Eiquí soio fozaremos os que non valemos pra embarcar.

7

Xan de Duteiro- Antóxaseme que hastra o Pepiño do Pallares terá que emigrar e iso que matina que vai ter vida co encoro e os baixos da súa casoupa.

Pallares- Non fagades tanta chacota. Cada un vai ^{ao} seu avío. Tede por certo que o mundo ten falla de adianto e a luz é iso. E se ~~unha~~ ^{un} perdemos terras, os mais ganan o cen por cen. O progreso non é de catro ou seis. É o millorar dos mais.

Escea cuarta

(Entran ^a Maruxiña e o Xaniño. Ela ^{coa} ~~co~~ rodela na mau. O rapaz cunha vara de salgueiro)

Maruxiña- (Alporizada fala apresada) Atopamos ^{un} ~~un~~ homes de Madrí que falan castelán e preguntáronos se ~~nos~~ lles daríamos pousada. Son do encoro.

Xaniño- (Salta irónico brandeando a vara) Pero eu, que Dios me perdona, díxenlles que a nosa casa é cativa e probe e encamiñéinos pra^{do} Pallares onde terán millor acomodo. Pra nos levaren as poucas terras que temos non ~~nos~~ fan migalla de falta.

Pallares- Carafio, pequeno. Eres agudo coma un allo. Seica te mo-neas? Tes medo que che coman a casa dinantes de hora e bótalos a comer os cachelos alleos. (Érguese feito un basilisco)

Xaniño- Vde. ben campa porque veñen ós nosos eidos e coidéi que ~~o~~ lle daría ledicia endereitándoos pra casa de Vde. Quizaives hoxe lle ~~de~~ deixen os primeiros pesos.

(Escachan ^{coa} ~~co~~ risa ~~co~~ polo acudimento de rapazolo e o Pallares colle a chaqueta amoscado, apura ~~o~~ ~~o~~ o vaso e saí~~se~~ sen decir este nin moste ^{ao} tempo que o Manoel lle berra:)

Manuel- Cando chegues de seguro que os atoparás ceando.

(Tornan as risas ^{ao} tempo que cai o pano)

CADRO TERCEIRO

ESCEA PRIMEIRA

(A carón da presa, a medio rematar, o Froilán, o Xaniño, o Paco e o Rosendo-iste vestido de músico e os compañeiros con roupa de festa- están preparando ^{uns} ~~uns~~ bonecos con grandes risas)

Froilán- Hoxe vai ser o día de mais acordanza en Pereira.

Rosendo- En canto ouzan as campás e chegue ^{ao} ~~e~~ campo da festa o Fuieio ^{coa} ~~co~~ chaqueta de Don Eusebio e co chapeu do presidente da Compañía Hidroeléctrica do Furelo Sociedade Anónima, vaise armar boa. Dígovolo eu!

Xaniño- ~~As~~ Ás seis en punto virá por aquí o Fuieio. Díxenlle que lle tería preparada unha moza de Castro que ha bailar toda a tarde coil e botou un afé que á hora fixada non fallará.

XX

Rosendo- Hai que poñer toda a carne no espeto e todo sairá con ben. Ti, Froilán, irás ^{tanxer as} ~~as~~ campás á morto. O Paco e mais eu iremos prá festa. A xente, diante das probas certas do Fuieio, encamiñaráse ~~para~~ ~~acó~~ ~~XX~~ e nós seremos dos primeiros ~~XXXXXX~~ por ver se inda chegamos á tempo de salvar os afogados. Encanto vexas que hai ben de xente a carón do penedo, paras de tocar e líscas ~~na~~ cara o Sagrazal e, dando un arrodeo, caes na festa que xa estará novamente no seu ser. O Xaniño encarregaráse de preparar ben o choio. Logo il que corra lixeiro á festa, pola corga do meio, pra chegar dinantes que o Fuieio. Estadese?

Paco - Se a Esther sabe que lle arroubéi a chaqueta ^{ao} ~~a~~ seu pai ~~xx~~ pra ista falcatruada, igoal me manda a facer arolas!

Rosendo - Cala a boca que isto morre entre nos. Imos!

Froilán - Sí Xa podedes ir. (Dirixíndose ^{ao} ~~a~~ Rosendo) Non vaias chegar o derradeiro. Acórdate do prometido. Hasme insinar a músico.

Rosendo - Iso corre da miña conta.

9

(Vanse il ~~e~~ o Paco)

ESCEA SEGUNDA

Xaniño - Probes de nós, se se torce o carro e descubren que cismamos ista tolada!

Froilán - Alá enriba ven xa. ~~xxxxx~~ veremos se fas todo tal cual. Eu vou tocalas campás.

ESCEA TERCEIRA

(O Xaniño colle os catro bonecos e ~~colócaos~~^{colócaos} no río tal se foran homes afogados, ~~entre~~ nunhos matos, perto do penedo que está á veira. Pon a chaqueta de Don Eusebio e o chapéu do presidente de xeito que se poden abondar ~~coas~~^{coas} maus. Torna axiña, ~~ao~~^{ao} tempo que chega o Fuieio, que representa un mozo de trinta anos, outo, mal vestido, atrasado il e que engarra ó falar)

ESCEA CUARTA

Xaniño - Hola Fuieio!

Fuieio - Cheguéi ó punto. Non si?

Xaniño - Chegaches, Si. Pro ela inda non veu. Tes pra unha hora. Ti agarda por eiquí namentras eu vou á casa, que esquecínme os cartos e volvo nun instantiño. Séntate no penedo. Elí terás boa sombra.

Fuieio - Mira que veñas logo. Non vaia ser que chegue ela.

Xaniño - Descoida, que axiña estaréi de volta.

(Xaniño vaise apresa. Do campo da festa chegan os primeiros compases dun paso dobre)

ESCEA QUINTA

Fuieio - (Falando soio de cara ~~e~~^{ao} público) Mira que esquecer os cartos. Eu levoos connigo (apalpa os bulsós) Craro. Non están afeitos a ter diñeiro coiles. Sempre andan a traballar. A mín non me falla endexamáis un peso. A augardente do Anxel qué ben gorenta!

Namentras haxa pitas e coellos na casa.... Namentras o Farruco mos merque....Que o pai ou a mai atopan a faltar unha pita? Levóuna o raposo! Eu dalgunha maneira teño que ter cartos pra mercar tabaco. Aque-la chisca qué ben sabe!. Quenta os fígados! Esperta a intelixencia! A chisca é moi sabida. É un maestro.....Queima o sol. Virá a rapaza? O Xaniño non minte. O ano pasado non mintíu. O que pasa é que a Lena é unha pendanga. Xa a tiña meio namorada cando veu o Ramiro. Tíñame collido pola mau. Moito aloumiñaba en min. Era moi dada. Eu avergonzábame. Hai mulleres ben...I el non quería que me sentara coela no penedo aquíl?. O que buscaba ela seino ~~me~~ ben. Eu son home e avergonzábame....Veu o Ramiro, sí. Bo peixe! E foise coil. Logo a xente deu en decir que fora todo amañado pra se riren de min. Se souperan o pendanga que é ela! Unha cousa é decilo e outra é velo. Pouco a coñecen. E o tolo do Ramiro casou coela! Fará carreira... Pró que xa está feito non hai xeito. Eu ...Nin cuberta de ouro!.

Ise Xaniño non ven...Cómo queima o sol! Voume sentar un namentras. Fai un ano....Levábame agarrado polos hombreiros! Pendanga! O que quería ben o sei!...

ESCEA SESTA

(Chega á carón do penedo e fica ollando pró río. No intre escomenzan a tocar as campás á morto)

Fuieio- Dios! Catro afogados!

(Acaróase ó río pra ver de recoñecer os cadáveres. As campás siguen a tocar á morto. Adéntrase un algo no río e colle a chaqueta e o chapéu que están á mau e berra):

Fuieio - Iste chapeu levábao o Presidente! Ista chaqueta é de Don Eusebio, así Dios me salve! As campás tocan á morto! E a xente está de festa! Cando seipan...Alá vou. Atopéi os afogados! Están no río! Na revolta do igraxario! A carón do penedo!!!

~~(Acaróase ó río pra ver de recoñecer os cadáveres. As campás siguen a tocar á morto. Adéntrase un algo no río e colle a chaqueta e o chapéu que están á mau e berra):~~

(Saíe, ^{coa} ~~co~~ chaqueta nunha mau e na outra o chapéu, en dereitura do campo da festa. A música deixou de tocar. As campás siguen co seu laio de morte.

CAI O PANO E DA FIN O 1º AUTO

AUTO SEGUNDO

CADRO PRIMEIRO

ESCEA PRIMEIRA

(Érguese o pano e aparece no comedor da casa do indiano rico da Arxentina o Xaniño cos seus tios, unha rapaza galega, nova, que está ^{ao} ~~e~~ servicio da casa e que a queren tal se fora filla propia. Na mesa, unha fonte con roscas e unhas copas de doce. É a hora da merenda. Desde a solaina óllase o río do Prata, sucado por iates de pracer e un que outro barco. Na parede, un cadro cos pais do Xaniño, os fillos inda cativos. Unha gaita de fol está pendurada mais ^{ao} ~~e~~ fondo. ^{Uns} ~~Unhas~~ oleos de paisaxes galegos aledan a estancia).

Amadora - Qué ledos estamos por terte connosco, fillo da irmá que tanto quero.

Xaniño - (Namentras o seu tío éncelle a copa) Tamén miña mai téenos en moito a Vostedes e cando deixei Pereira, cos ollos embazados polas bágoas, pe do papái e a Maruxiña, o pesar calláballe as verbas na boca, bicóume e debéu coidar que nona ouvía, e dixo con parolas que mesmo queimaban: A Amadora é boa. O cuñado é home de feitos. Iles serán como pais pra ti. Sempre nos quixeron moito.

Amadora - Benaventurados! Cánto terán que apandar. Millor lles fora vir pra Bos Aires contigo.

Pedro - Sí muller. Sí. Falar ben falas. Te non lembrás que ^{caro} ~~caro~~ che costóu arranxar e porte en camiño? Se non fora polo que foi....

Se non estiveras aleladiña...Non embarcaba^{as} Non. E ben sabes canto levas penado por aqueles corrunchos.

Amadora - Non que ti non lles tes achego, meu Pedro!

Pedro - Madia leva. Eu coma ti e coma todo fillo ben nado, teño moito apego á nosa terra. ~~Pero~~^{Porque}, o que non entendo é que te non decates e que atopes raro que non viñeran os cuñados.

Xaniño - Inda eu non viña se non fora saber que Vostedes me querren moito e que podo axudar dende eiquí ^{ao} ~~os~~ meus pais cun algo que eu aforre, pois abofellas que se non fora iso, de millor gana estaría traballando no encoro.

Xaniño - Sonlle centos de homes os que andan no trafego aquí, día e noite, arrincando pedra ^{mas} ~~as~~, levantando na presa outros e tamén algún trállase de cando en cando os dedos cos penedos que saíen da mau do dinamiteiro coma foguetes.

Amadora - Algún haberá no pobo que empete bos cartiños cun migaxo dun meio choio.

Xaniño - Sonlle lerias. Don Eusebio, coiso que lle ~~quer~~deron a administración de todo é certo que fai cartos. ^{Sí}. Don Enrique, o Segretario do Auntamento, se non fala coil. Algo nada bon debe sospeitar. Agora corréuse que o Paco do Xesús anda a facerlle as beiras á Esther.

Pedro - Quén é isa rapaza?

Amadora - I el será a filla de D. Eusebio?

Xan - A mesma.

Amadora - Quén verá ^{ao} ~~o~~ Alcalde!

Xaniño - Il ~~e~~ o Xesús fai moito que se non falan.

Pedro - E o Pallares ?

Xaniño - O Pallares que rebrincaba coidando por un salón de baile

nos baixos da súa casoupa, anegáronlla. Outros como o Barxa, que soñaba con bébedos que lle deixaran os cartos e o Fidalgo que contaba dar pousada ^{ao} obreiros, viron como se afundían xuntos as terras e os ~~xxx~~ ^{soños}. Pensaban que non hai mais que chegar e bicar.

Pedro - Onde dorme logo tanta xente? Onde gastan o diñeiro?

Xaniño - Dormen en casoupas que fixo a Sociedade do encoro e da aldea case que fuxen. Gastan os cartos na vila onde hai mais mocedá e non fallan rapazas, que nas aldeas xa non queda xente nova. De quantado a Maruxiña, o Paco, o Froilán, o Rosendo e outros tres ou catro rapaces, vai ficando soia cos vellos. Xa non hai riola coma denantes. ~~De onde estaguen~~ A escola, na que puña leuciós o señor crego, vai valeira. Pereira atópase na bouza sen zocos nin zapatos e o que puido entrar a traballar na presa graciñas a un bon padriño, non está ben pago. Inda que poida ir comendo.

Amadora - Antonia, trai un café. Eu non sei que temos os galegos que non poidemos vivir sen penar. Inda que o teñamos todo.... samente con saber as desventuras dos nosos...

Antonia- (Ó tempo que saí) É verdade, señora. Como será que a nosa caste estea tan vencellada pola dor? Inda que nos afastan tantas legoas, enxamáis perdemos o achego á nosa terra.

xxxxxxx

ESCEA SEGUNDA

Pedro - Tede a seguranza que isa irmandade na dór é a menciña dos probes. Isas espiñas do corazón galego son o millor aguillón que fará rexurdir unha Patria ricaz, chea de boandanza. Pois o ~~Paraiso~~ ^{de} xa o temos na paisaxe e samente falla repartir e multiplicar os bes que gardamos. Namentras isas bes se non arrincan, namentras non lebeda o progreso e a industria, non pode haber xusticia e inda fallan os ~~al-~~ ^{al-} ~~cores~~. Os que emigramos adeprendemos moito. Sempre degorei o día que

vencellados todos pola mesma arela, voltaremos ós nosos eidos e darémoslles unha ~~xxxx~~ forza nova que ninguén poiderá aturar.

Amadora - Nós temos que ser os primeiros. En Bos Aires, a por de aforrar, xuntamos un bó porqué. Non temos fillos. Tí, Xaniño, eres arrestado. Entraches no noso corazón e quén coma ti, do noso sangue, pra ser noso sen esquecer ^{ao} ~~as~~ teus pais que che deron a vida? Xuntos loitaremos pra pór o grau que faga nacer moitos graus de galegos que lonxe de Galicia arelan endereitar a Patria e facela leda, rica, con festas, romerías, que borren os sinais dos pobos tristes e sen Sino.

Pedro - Xuntos seremos fortes e grandes. Pro hai que agardar ó seu tempo. Conta agora. Qué tal che agrada ^{cidade?} ~~esta cidade?~~

Xaniño - Se hei decila ~~4~~ verdade, é tan galega que paréceme a Capital de Galicia. É o Centro semella a casa do Goberno.

ESCEA TERCEIRA

(Antonia volve co café e os pocifios)

Pedro - Verás pró Santiago.

Antonia- Haberá romería, muiñeiras, gaitas....

Amadora- E os probes da nosa terra, os velliños e os doentes terán regalos, frores, un xantar.

Pedro - Os nosos poetas lerán as milliores poesías da fala galega

Amadora- O Centro estreñará unha obra galega no teatro Nacional.

Antonia - A Misa será rezada na nosa fala...

Xaniño-(Érguese e mirando pola solaina á inmensa ^{de} cidade ^{de} Prata. Cánto temos que gabarte os galegos! Dios che pague con benzós e a gloria a tua hospitalidade. Ti que acorres a nosa raza...

(Chaman á porta e saíe a Antonia á abrir)

ESCEA CUARTA

Amadora- Se cadra será Don Severo o Presidente do Centro.

15

Pedro- Non. Il non. Ista mañá díxome que virá pró domingo.

ESCEA QUINTA

^{Toma a}
(~~Tomando~~ Rapaza cunha carta na mau e dalla ^{ao} Xaniño)

Antonia- Qué logo tiveches resposta!

Xaniño - A primeira dende que cheguém a ista nova Galicia. (Olla a carta namentras que a Antonia pon o café. Amadora reparte o sucre e Pedro enche as copas ca coñac que trouxo o sobriño de España)

Xaniño - Qué carta! quebra o corazón! Fai arrincar bagoas!

Pedro - (Póndose de pé a carón do sobriño, abraiado) Lé, Xaniño!

Amadora- (Mira cara iles atorada) Unha disgracia?

(Antonia ^{coa} cafetera na mau non atina a falar) (Xaniño lé en outa ^{voz})

Xaniño - Querido fillo, queridos hirmaus e ti tamén, Antonia, que nos tedes tan ledos por sabervos a todos con ben. Unha mala nova: O doce caiu do alto da prese o Pallares.

Amadora - Xesús, qué destrago! Hai cousas que cravan o corazón!

Pedro - Malogrado rapaz. Inda me parece velo cos seus pantalon-
ciños longos, brincadeiro, gardando as vacas na carballeira do Serafín

Xaniño- (Sigue lendo) Non se puido dar co seu corpo. O pobo todo parece cal se fora pai e mai do disgraciado e, dentón, sofre e chora e as poucas legrias que tiña morreron. Doutra, inda non parou eiquí o mal fado diste pobo aburado e cheo de abrollos. A Manoela toleou e o Pepiño non se volveu a ver fora da casa. Hai quen dice que tamén il ficóu arrebatado do xuicio. Onte, é mais, ^{ao} e redor da noite, todos os piñeiros novos arderon e samente un garda das ferramentas puido dar x aviso de que albiscara unha muller enloitada, que rubía ^{ao} e monte e todo é supoñer que abrasada no lume, morreu a Manoela que non aparece por ningures, sendo ela quen non podendo esborracar a mura, prendeu ^{ao} lume e piñeiros indo a sua ialma pra xunto do infeliz Pallares. A-

gardamos que nos veña axiña contesta vosa".

Amadora - Esta carta faríaa amolecer os penedos

Xaniño- (Dá fin á carta) Moitos bicos dos vosos que vos queren.

Manoel, Xovita e Maruxiña.

Pedro- Encólleselle a un o corazón. Todo veu ^{coas} ~~coas~~ cousas mal compangadas e feitas a destempo. Contra dos probes todos se estreven e quén se arrepon ós que mandan? ~~Coas~~ artimañas do ben da Nación, adonarse dunhas veigas, anegalas por enteiro e, sen saber de sudes pra arrincarlle o pan e as patacas dos nosos labregos, facerse donos e señores sen axeitar un pobo que non debe morrer. Nin unha cativa forxa ~~x~~ pra alugar ^{uns} ~~unhas~~ homes!

Amadora - Isto non pode tirar pra adiante. É mester enxugar tantas bágoas. O ceo da nosa terra está enloitado. Nós ~~podemos~~ abranguer o que nin albiscaron os cerebros dos materialistas inxenieiros. Os nosos aldeáns están atenazados.

Pedro - Nós faremos cargo de desbotar tantos choros. Fora atrancos!. O noso lugar ~~ha~~ trocar tantos azaros!.

(CAI O PANO)

CADRO SEGUNDO

ESCEA PRIMEIRA

(Nunha habitación, alugados, viven o Froilán e a Dosinda en Caracas)

Dosinda - Non sei onde teño a cabeza...Hastra ^{pasado} ~~polo menos~~ vinte ~~x~~ días non teremos novas da nosa meniña.

Froilán- Díxenlle á Estrella que, en chegando á Cruña, nos poña un cablegrama.

Dosinda- Cando cheguemos, Dios sabe cándo, á Pereira, ollarános coma a estranos.

Froilán- Non tiñamos outra saída.

Dosinda - Pra min foise a legría. Ándanme corbos arrevoando no corpo. Ela é carne da miña carne. O seu sangue é o meu sangue. Coa despedida fiquéi esgaxada.

Froilán - Se temos sorte e saúde, en pasando dous anos fago contas que podemos volver a cabo da nosa pequena e dos nosos pais. Merca_{re}mos un trator e traballaremos millor as nosas leiras e alugáremolo ^{ao} veciños. Daquela teremos a vida un algo mais arranxada.

Dosinda - Sen a filla me non afago. Fáltame o alento. Dous anos semellaránme unha vida enteira chea de dóres.

Froilán - Co noso sacrificio o ~~corazón~~ ^{corazón} da filla, será mais dondo o día de mañá.

Dosinda - Nacemos en mala hora.

Froilán - O intre de abrir os ollos ninguén o poide escoller.

Dosinda - Se elo fora posibel, Pereira sería unha bisbarra sen xente.

Froilán - Toda cras de dóres morais e materiais ateigan o noso pobo

Dosinda - A miña dor é a pior de todas.

Froilán - A nosa meniña vive e na sua inocencia é mais ^{feliz} ~~que~~ ^{ca} nós todos. Pasarán dous anos e tornaremos a tela no noso colo. A Señora Mari-Xoana do Barxa ela sí que non voltará a ver o seu Rosendo.

Dosinda - Seica envellecéu moitísimo. Como puido resistir a noticia sen morrer ela tamén?

Froilán - O corazón tira forzas do corazón.

Dosinda - Será que ^{ao} cabo dos anos xa vai adoitado. Tan ledo como veu il a Venezuela. Fixéronlle unha documentación falsa pra poider embarcar. Lémbraste ^o ~~que~~ ^{que} bó músico il era?

Froilán - Eu era cativo e il xa tocaba na banda do "Furelo". Era moi afeizoado á musica. A min levábame a alma tocar a trompeta coma il. Na festa dos afogados prometéume que me ensinaría. E tal

dito, tal feito.

Dosinda - Cando me namoréi de ti, tocabas na ~~mesma~~ banda.

Froilán- Falta un clarinete e o Rosendo escolleume a min. Na deradeira festa que tivemos, prás Delores, estrenéime ~~como~~ músico. Era de noite. O campo da festa estaba alumado con luces de carburo. Nun ~~xx~~ descanso que tiveron, saqueite a bailar e dende aquí día ficamos noivos ~~a~~.

Dosinda - Logo despois o camiño da emigración quedou aberto e un tras doutro, toda a mocedá a repartirse polo mundo en percuo de a-beiro sen mais apañón que o día e a noite.

Froilán - E casámonos por poderes. Somentes ~~esí~~ así puiden embarcar pra virme cabo de ti. Alugados niste coarto, xa levamos catro anos, a traballar noite e día, arredados un do outro polo traballo. Somentes ~~os~~ os domingos temos unhas horas e inda case que nin os domingos pois que ti aproveitas o tempo pra coser.

Dosinda - Con qué ilusión facía eu a roupiña da miña nena!

Froilán - ~~Coa~~ filla non podíamos seguir traballando os dous nin estar mais tempo nista habitación. O trato foi que non querían pequenos. Non queren ruídos. Son moi abertos de xenio porque son os donos. Inda gracias que nos deixen iste recanto.....Non se lembran que iles tamén empezaron da nada, Agora non queren ser molestados. Chegaron a ista casa e, ~~cos~~ ^{cos} cinco habitacións que teñen alugadas, gañan máis que nós os dous traballando de sol a sol. Aproveitan a ~~pequena~~ ^{falla} de vivendas e, sen gastos, sen pagar contribucións, viven ^{ao} grande asoballando máis aínda ^{ao} traballador e esquecendo que iles son da mesma caste.

